fundación
VEDRUNA
EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

Estimadas familias

Seguindo coas accións en defensa da Ensinanza Concertada, as organizacións sindicais FSIE, USO, UGT-SP, CCOO, CIG e SNEP comunicaron a convocatoria oficial dunha folga na totalidade dos centros educativos incluídos no ámbito funcional do VII Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, e no ámbito funcional do XVI Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a personas con discapacidade, no referente ao TÍTULO V (centros de ensino sostidos total ou parcialmente con fondos públicos). **A folga terá lugar o 10 de novembro, en horario de 00:00 a 24: 00 horas, e afecta tanto a persoal docente como a persoal non docente.**

Os motivos da folga son os mesmos que os especificados para a pasadas convocatorias:

- Recuperación das condicións laborais e salariais perdidas desde o ano 2010 por mor dos orzamentos da Xunta de Galicia ou a negociación dun novo acordo de condicións laborais do ensino concertado onde se aborden tanto o aboamento dos complementos económicos debidos coa súa actualización dezaoito anos despois.

-Redución da carga lectiva co conseguinte incremento de ratios.

-Inclusión do persoal de pago privado no acordo da xubilación parcial indebidamente excluído, como a negociación doutras melloras en dito acordo.

- Acordo para mellorar as condicións do persoal de administración e servizo

Durante este día o colexio permanecerá aberto no seu horario habitual soamente con servizos mínimos.

Ante a previsible e significativa participación do profesorado e do PAS nesta folga, o alumnado que asista no seu horario habitual será atendido e custodiado dentro das medidas que se poidan adoptar para garantir a súa seguridade sen desarrollar ningunha actividade lectiva durante o día.

Entendendo a dificultade que pode ocasionar para as familias, tamén queremos agradecer unha vez mais a vosa implicación nestes momentos nos que se intenta buscar tamén un maior beneficio para a educación dos vosos fillos.

Un saúdo

A dirección